

**DECRETO**

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno do 10.04.2026, apróbanse as bases xerais, a convocatoria e as bases específicas para a elaboración dunha listaxe de emprego de Técnico/a de Proxectos do CIT, para prestar servizos de carácter temporal na Deputación de Lugo (BOP núm. 088, do 20.04.2026).

As cualificacións finais definitivas e a proposta do Tribunal coa orde da listaxe, publicouse na páxina web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) así como no taboleiro de anuncios da entidade o 21.07.2026.

Á vista do resultado do proceso selectivo, o Tribunal formula proposta ante a presidencia da entidade para que aprobe a elaboración da listaxe de emprego temporal de Técnico/a de Proxectos do CIT da Deputación Provincial de Lugo, segundo os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos con carácter temporal na dita entidade.

Á vista do sinalado proponse á presidencia que, de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedementos de selección do persoal funcionario da Administración Local, e co establecido no punto 10 e 11 das bases xerais que rexen esta convocatoria e, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, Resolva:

1º.- Dar por rematado o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal de Técnico/a de Proxectos do CIT, grupo A – subgrupo A2, aprobando a inclusión das persoas propostas polo Tribunal que a continuación se sinalan:

Nº orde	Apelidos e nome	Cualificación
1	Landeira Fernández, Tais	29,8000
2	Fernández Santamarina, Ana María	23,9500
3	López Rodríguez, María Susana	19,1000
4	Reverter Perdiz, Ana	16,3180
5	Deiros Gómez, José Manuel	14,9530

2º.- Ordenar que a incorporación de efectivos se realice conforme aos criterios que rexen a incorporación de persoal para a prestación de servizos de carácter temporal na

	IV76YWDMJZJK3LNMYR4ROAH64E	Fecha y Hora	07/08/2026 16:52:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YWDMJZJK3LNMYR4ROAH64E	Página	1/2



Deputación Provincial de Lugo, de acordo co sinalado na resolución da presidencia vixente no momento da súa publicación.

3º.- Esta listaxe terá efectividade dende o día seguinte á publicación da presente resolución na páxina web corporativa da Deputación de Lugo”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

A PRESIDENTA,
P.D. Decreto de data 31-07-2026
A DEPUTADA PROVINCIAL,

O SECRETARIO,
P.S. A SECRETARIA-INTERVENTORA,

Asdo: Mª del Pilar García Porto

	IV76YWDMJZJK3LNMYR4ROAH64E	Fecha y Hora	07/08/2026 16:52:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ			
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76YWDMJZJK3LNMYR4ROAH64E	Página	2/2	